



www.oqueleo.com

© 2017, Xoán Babarro González

© Desta edición:

2020, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2. 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-20-4

Depósito legal: M-1071-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Terceira edición: marzo de 2020

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Ester Marín, Julia Ortega
e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Hilario e os tres medos

Xoán Babarro

oqueleo

Así era Lola

*Abeba, Abebiña, Abeba,
colorete de mazá,
pequeno xenio escondido
no croucho dunha abelá!*

5

Eu penso que se acordaba ben; pero ela facíase de novas e soltábame a miúdo a pregunta de como me chamaba, para despois responderme cunha ringleira de versos. Ás veces recoñezo que me resultaba un nadiña latoso. Pero sempre me gustaba escoitar as súas rimas e, aínda que tan só fose por iso, non me importaría dicirlle a diario mil nomes que tivese. Ademais, coido que o meu actuaba de estraño imán sobre as súas palabras, que xogaban ás escondidas co

significado. Ou iso era o que a min me parecía daquela; porque, cando unha é pequena percibe nas voces dos maiores incógnitas maravillosas difíciles de explicar.

6 A miña imaxinación de nena vía a Lola, co seu sorriso engurrado e os olliños de cristal alegre, como cargando nos ombreiros unha chea de pesados fardos, que conformaban o montón de anos que levaba celebrado. Tantos quilos soportaba que atravesaba o portal devagariño coma un caracol...

Todos os coñecidos sabiamos que ao seu lado ninguén podía andar con présas. Lenta..., lenta..., meditando o tempo e mascando cada palabra e cada pasada.

—Axúdoche a botar o pé porta fóra?

—Mañá, mañá..., miña nena. Hoxe axúdame Hilario —adoitaba usar sempre a mesma resposta.

Hilario era o bastón, un pau cun brillo natural vernizado que non apeaba nunca. Nin sequer cando fedellaba na cociña coas croquetas e os empanados.

Algunhas veces que o meu pai se cruzaba con ela, en lugar de cuns «bos días!» ou un «ola!», saudábanse cantando...

—«Un vello arrimado a un pau de sanguinho...

—... o monte atravesa de cara ao piñar». Anda, pillabán; estás feito ti un bo Curros. Sempre tes gana de lerias! —contestaba ela e, rindo, continuaban a conversa tan animados.

7

Non sabía eu por que lle chamaba así ao meu pai; ata que un día me explicou el que o saúdo era un poema do poeta de Celanova que se cantaba cando a nosa veciña era moza*.

Lola era, para os contos e os enredos, a avoa de todos os pisos. Almacenaba na cabeza historias e anécdotas axeitadas para cada momento e para cada interlocutor, cousa que a min me tocaba moi de cerca.

* Anos despois comprobaría que o saúdo e mais a resposta correspóndense con dous versos do poema «Nouturnio» de Manuel Curros Enríquez, do que existen varias versións musicais.

Pero, nas madrugadas perdidas, erguíase só cunha pinguiña de memoria e, cando isto acontecía, non se acordaba da canción do poeta...

—Hoxe amañecín con neboaceira no maxín, fillo!

8 Nesas ocasións, sabíamos que había que lle recordar quen era..., que ía facer..., onde estaba e mesmo con quen estaba falando. Pero, a pesar dos pesares, encontrábase segura nunha casa rodeada de tantos amigos e non o soportaba como un problema demasiado grave. Pola contra, tomaba o seu estado das madrugadas perdidas cun humor excelente...

—Cada un é como é e todos somos como somos... —decía.

Vivía no primeiro. Ela na esquerda e nós na dereita... E menos mal que non era no oitavo! Porque o día que fallou o ascensor houbo que a subir nos brazos desde o fondo da escaleira. Con tres chanzos atrevíase. Catorce eran demasiados; tanto para ela coma para Hilario.

—Lévalle a proba das magdalenas á señora Lola e dille se tomou as pastillas da tensión.

Sempre había unha escusa para timbrar no primeiro esquerda ou petar anonimamente e abandonar no felpudo un paquete sorpresa. Cando non era a compota de tabardillas eran os arandos da serra.

Os meus pais comentaban que lle quedara unha pensión moi cativa e apenas lle abarcaba para pagar os recibos básicos. Esa debía ser unha das razóns pola que os veciños compartían todo coa «tía Lola», como lle chamaban algúns maiores.

Por estarmos porta con porta, tocábanos case a diario o de avivarlle o sentido e botarlle unha ollada ao piso. As billas do cuarto de baño, o forno, o gas...

Aínda hoxe non sei en que traballou de nova Lola. Os meus ollos de cativa víana coma unha de tantas avoas que lembran unha morea de anécdotas de tempos pasados e que, en cambio, non se acordan do que fixeron o día anterior.

Ela, polo xeral, gardaba conta do que ocorría en cada vivenda e preocupábase por nenos e por grandes, coma se lle fosen da propia familia. Por iso, aquela vez que suspendín, foi a primeira en sabelo.

—Agarda..., que te acompaño para que non che rifen.

10 E por certo que veu e que me deu forza para presentarme na casa! Pero, por sorte, os meus pais xa estaban ao tanto de que non ían ser uns resultados demasiado vistosos, xa que falaran varias veces coa titora sobre os meus problemas.

—A lúa desta semana é moi propensa aos suspensos. Así que..., pobres de vosoutros se lle me rifades á rapaza! Veredes como, ao final, ha de aprobar o curso enteiro. Diso non hai quen me apee. Non si, Hilario?

E o caxato obedeceu e falou cun golpiño atrompicado coma se de veras o bastón exercesse de cómplice entre nós as dúas.

Prudencio

—Como dixeches que te chamabas? *Ameba*?

11

Enseguida me dei conta de que pé coxeaba aquel novo compañeiro, para min, a principios de curso, un descoñecido coma todos os demais. Que me preguntasen o nome na escola, con segundas intencións e risas, era moi diferente do que me ocorría coa miña amiga Lola. E iso cabreoume. Sempre tiveron claro que non quería eu deixarme asoballar. Non sería a mellor forma de empezar no novo colexio.

—Oes...? Que che parece se che digo a ti *Paramecio*? Ou *Paramencio*, para que rime mellor con Prudencio. Queres que probemos? Podo ser tan ocorrente coma ti, chegado o caso. Chámo-

me Abeba. E que? Pasa algo? Se non che gusta, bóttalle azucre.

12 O pobre rapaz, que non esperaba a miña enérxica reacción, calou coma un peto coa cara avermellada. Así que as chanzas arredor do nome non pasaron máis aló da primeira semana; porque, despois do intento do Pruden, aínda houbo outros que probaron sorte imitándolle o chiste.

Con compañeiros que non me coñecían do curso anterior cabería esperar calquera saída; pero, en canto lles axustei as contas aos que ían de ocorrentes, Abeba soaba na lista da clase mellor ca ningún outro. E mesmo celebrei o contratempo, porque axiña me dei a coñecer e todos empezaron a querer saber da miña vida.

O peor foi máis para adiante. Si..., acórdome ben... Cadraba ao día seguinte da Festa das Castañas... O aquel de dirixírense a min cunha nomeada revirouse dun xeito inesperado. Tan inesperado que me pillou por sorpresa. Trátbase de algo distinto. Porque, que un te in-

sulte guindádoche o alcume de *Caradesombra*, pode ter a súa importancia e non a ter. Depende das intencións de quen cho diga e, sobre todo, de como che pille o corpo nese intre. Mais, se o grupo da escola dá en observarte tan diferente, coma a ti se che figura, acabas sentíndote fatal e, por veces, desprezada. E unha, cando é pequena, quere ser coma os demais do grupo.

13

Eu, que tan ben soubera solucionar os envites dos primeiros días no novo centro, despois desta última bocalada do Pruden, encontrime de repente desarmada. E agora que o coñezo ben penso que el ao mellor ata o dixera sen segundas intencións, coma unha ocorrencia chistosa momentánea. Pero foi coma se me atinase cunha frecha no centro da diana do honor. Fíxate ti!

E, retendo no meu interior a situación vivida na escola, dun xeito inconsciente, empecei a reparar na sorte que tería se me parecese á miña nai. Coa súa pel branquiña e guapa, cando

ela foi nena, ninguén lle podería chamar feocada ningunha.

14 Meus pais explicábanmo polo dereito e polo revés. Que se eu non podoo ser coma a mamá... Que se os meus pais biolóxicos teñen a pel doutra cor... Que tumba... Que taramba... A tal hora, ¡canto non daría eu por unha cutede leite coma a que ten ela e non verme en semellantes apuros! Pero non...! E por riba, figurábase-me que, cando ti estabas metida nun problema gordísimo, eles víano coma unha faragulla sen importancia.

—Se non me mudarades de colexio, isto non ocorrería... —protestei.

—Xa che explicamos, Abebiña, que non podíamos continuar pagando. Ben ves que houbo que reducir gastos. Este ten a vantaxe de non teres que madrugar para coller o autobús. Mírao por ese lado. Ademais..., ti sabes moi ben canto che queremos nós e o guapa que te vemos.

—Todo iso xa o sei; non mo tedes que explicar.

—Pois é o que ten que contar para ti. Non che debe importar nin o máis mínimo o que diga un cativo perdulario e malcriado... Non lle debes tomar tino. Non che parece?

A min non me tiña nada que parecer. Abondábame con engruñar os ombreiros para indicarlles que vivía nun planeta distinto ao deles. Agora, que son maior e que miro cara ao pasado, opino igual ca os meus pais; pero daquela o sentimento era moi diferente.

15

Cunha preocupación tan grande, non resultaba nada estraño que tivese malas notas! Sería un milagre sacalas boas! Nin chisca de gana de atender nin de facer deberes! Que me poderían importar os estudos se estaba en conflito con todos os rostros da miña clase!?

E foi cando no recreo me dei en sentir un ser estraño que non quería xogar; porque pesaban sobre min coma mil ollos esculcadores que me inquietaban.